

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Ordenanza do prezo público de acceso a internet

EDICTO

Non presentándose alegación durante o prazo de exposición ao público, queda elevado a definitivo o acordo do Pleno do Concello adoptado en data 15 de novembro de 2013, sobre modificación do prezo público do servizo de acceso a internet a través da rede sen fíos municipal (wifi), así como da correspondente Ordenanza fiscal reguladora, cuxo texto íntegro faise público no cumprimento do establecido no artigo 17.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DA REDE SEN FÍOS MUNICIPAL (WIFI)

Artigo 1.–Título competencial.

A presente ordenanza municipal e o conseguinte establecemento do prezo público establécese ó amparo do establecido nos artigos 41 a 47 e 127 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Artigo 2.–Feito imponible.

O feito imponible estará constituído pola actividade municipal desenrolada para a distribución de sinal de internet mediante a tecnoloxía sen fíos WIFI no Concello de Cabanas para fins laborais, de ocio, formativos e de comunicación, de calquera persoa, física ou xurídica, que queira facer uso do servizo.

Artigo 3.–Obrigados ó pago.

Son obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten e gocen do servizo de acceso a internet a través da rede sen fíos municipal.

Artigo 4.–Contía.

Os prezos públicos a aplicar serán os seguintes:

ACTIVIDADE	CONTÍA
Cota de alta de usuario	40 €
Cota mensual de usuario 1 mb de subida	25 €
Cota mensual de usuario 2 mb de subida	30 €
Cota mensual de usuario 4 mb de subida	35 €
Kit de rede sen fíos	60 €

O kit de usuario é o equipamento sen fíos que serve para garantir a conexión sen fíos e está composto polo dispositivo sen fíos, o software e a antena. A instalación e configuración inicial do kit será a través da empresa xestora do servizo de acceso a internet, cun prezo de instalación de 30 €, salvo aqueles usuarios que desexen instalalo pola súa conta.

As cantidades en concepto dos kit para acceder á rede sen fíos depositaranse a modo de fianza, que será devolta na súa totalidade sempre que o aboado que desexe darse de baixa no servizo proceda á devolución do kit completo en perfectas condicións de uso; en caso contrario, seralle incautada a fianza.

Estes prezos serán revisados anualmente polo Concello de Cabanas en función da variación do IPC.

Artigo 5.–Exencións e bonificacións.

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os previstos expresamente en normas con rango de Lei, así como os establecidos nesta ordenanza.

2. Non obstante, de acordo co sinalado no artigo 44.2 do referido texto refundido, estableceñse as seguintes exencións e bonificacións:

A) BONIFICACIÓNS.–Para poder optar a calquera das bonificacións é requisito imprescindible o estar empadroado no Concello de Cabanas. Do mesmo xeito, estas bonificacións non son acumulables, podendo optar so a unha delas.

A.1. Por ser titular de familia numerosa.–Os usuarios que dispoñan do título de familia numerosa poderán gozar dun desconto do 20% no prezo público mensual. Será condición necesaria e imprescindible para poder gozar de dito desconto a presentación do libro de familia.

A.2. Por ser desempleado de longa duración.–Os usuarios que se atopen en situación de desemprego cunha duración de 18 meses poderán gozar dun desconto do 20% na taxa mensual. Será condición necesaria e imprescindible para poder gozar de dito desconto a presentación do documento acreditativo de tal situación. Esta bonificación desaparecerá a partir do mes seguinte no que o usuario non se atope en situación de desemprego por estar en situación de alta na seguridade social. Para a comprobación desta circunstancia o Concello poderá requirir en calquera momento a acreditación de atoparse en situación de desemprego así como copia da declaración da renda, non podendo exceder o valor patrimonial do conxunto da unidade familiar 50.000 €.

A.3. Por ser estudante.–Os usuarios que no seo familiar teñan un fillo ou fillos ó seu cargo que teñan a condición de estudantes de primaria, secundaria, ciclo formativo ou universitario e que residan durante o curso académico no Concello de Cabanas poderán gozar dun desconto dun 10% na taxa mensual por cada fillo nesta situación. Será condición necesaria e imprescindible para poder gozar de dito desconto a presentación da matrícula ou outro documento xustificativo da condición de estudante ó inicio de cada ano.

A.4. Por minusvalía.–Os usuarios que teñan recoñecido un grao de minusvalía superior ó 33% e que cuxa unidade familiar teña unha media de ingresos inferior o IPREM, entendendo como unidade familiar os que figuren no padrón municipal de habitantes no domicilio do solicitante, poderán gozar dun desconto do 30%. Será condición necesaria e imprescindible para poder optar a esta bonificación a presentación do certificado de minusvalía así como copia da declaración da renda, non podendo exceder o valor patrimonial do conxunto da unidade familiar 50.000 €.

A.5. Por rendas baixas.–Os usuarios cuxa unidade familiar teña unha media de ingresos inferior o IPREM, entendendo como unidade familiar os que figuren no padrón municipal de habitantes no domicilio do solicitante poderán gozar dun desconto do 20%. Será condición necesaria e imprescindible para poder optar a esta bonificación a presentación do dunha copia da declaración da renda, non podendo exceder o valor patrimonial do conxunto da unidade familiar 50.000 €.

B) EXENCIÓNS.–Estarán exentos do pago mensual do prezo público, non así da taxa de alta nin da fianza polo kit de rede sen fíos:

B.1. As asociacións sen ánimo de lucro que teñan sede neste concello, que contén cun local social ó seu nome dentro do termo municipal e realicen actividades de interese municipal. Será condición necesaria e imprescindible para poder optar a esta exención a presentación da documentación acreditativa de tal condición, entre eles o certificado de inscrición no rexistro de asociacións sen ánimo de lucro e o documento acreditativo da sede social.

Artigo 6.–Normas de xestión.

O usuario solicitará a alta no servizo segundo modelo que se topa dispoñible na páxina web do Concello e nas Oficinas Xerais do mesmo, abonando no momento da presentación da solicitude a taxa da primeira mensualidade (salvo que estivese exento da mesma) e o depósito do kit de rede sen fíos, con carácter previo á prestación do servizo de comunicación de datos.

Os sucesivos pagos da taxa mensual deberá facerse entre os días 1 e 5 de cada mes mediante domiciliación bancaria.

Aqueles usuarios que desexen optar tanto as bonificacións como as exencións deberán presentar a solicitude con toda a documentación requirida en cada caso durante o mes de xaneiro de cada ano.

Nos dous supostos, tanto bonificacións como exencións, se o Concello detectara e acreditara que non se cumpren as condicións para a súa aplicación unha vez se estivese gozando delas, poderá, previa audiencia dos interesados, retirar a conexión a internet a este usuario de xeito indefinido.

Artigo 7.-Obrigación de pago.

Están obrigados ó pago do prezo público regulado na presente ordenanza as persoas do cal se beneficien desde que se inicie a prestación do servizo de acceso a internet mediante a rede sen fíos municipal.

Artigo 8.-Débedas.

As débedas polos prezos públicos deste servizo poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento conforme ó establecido tanto no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación como no artigo 46.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 9.-Dereitos e deberes dos usuarios.

Os usuarios terán dereito a recibir as claves para poder acceder a rede sen fíos municipal, e deberán dispoñer do kit de conexión e aboar o prezo do servizo mensualmente.

Artigo 10.-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación da infracción así como ás sancións que as mesmas corresponda, en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

A falta de pago durante dous meses seguidos suporá a suspensión inmediata do servizo, sen prexuízo do cobro pola vía de constrinximento das cantidades devengadas e non satisfeitas.

Artigo 11.-Uso responsable.

O Concello non é responsable do uso que os aboadas poidan facer nas súas conexións a internet, debendo aqueles realizar un uso responsable do mesmo.

Artigo 12.-Problemas de conexión.

Cando se produzan cortes de conexión por causas imputables ó Concello e cuxa duración exceda de 36 horas, compensarase mediante a dedución proporcional na taxa mensual correspondente.

Artigo 13.-Lexislación aplicable.

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ó disposto no Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; a Lei xeral tributaria; a Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e cantas normas sexan de aplicación

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor desta ordenanza fiscal queda derogada a anterior publicada no B.O.P n.º 78, do 25 de abril de 2012, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 25 de abril de 2011.

Disposición final

A presente ordenanza reguladora do prezo público do servizo de acceso a internet a través da rede sen fíos municipal (wifi), foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 15 de novembro de 2013, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir da súa entrada en vigor, continuando vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Cabanas, 13 de marzo de 2014.

O alcalde

Asdo.: Germán Castrillón Pemuy

2014/2924